

Punto 4

PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN AO RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS E DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

De acordo co artigo 75 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, que indica que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, e nese caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e que a percepción destas retribucións será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo aos presupostos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes.

Igualmente, no punto 2 indica que os membros das Corporacións Locais poderán percibir indemnizacións na contía e condicións que acorde o Pleno da Corporación.

Polo anterior, teño a ben propoñer ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, E POLO TANTO CON DEREITO A RETRIBUCIÓN: ESTABLÉCENSE AS CONTÍAS, INCLUÍDAS PAGAS EXTRAORDINARIAS:

A) AO ALCALDE: Percibirá as retribucións previstas no orzamento vixente, aplicándolle unha redución do tres por cento.

B) OS CONCELLEIROS delegados e Voceiros dos grupos municipais poderán acollerse á dedicación exclusiva por razón do volume do traballo a realizar, equiparándose a efectos retributivos aos funcionarios do Grupo A1, Nivel 28, Xefe de Servizo.

C) Ademais poderá acollerse á dedicación exclusiva un concelleiro máis polo grupo maioritario da oposición.

2.- OS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL QUE NON TEÑEN DEDICACIÓN EXCLUSIVA PERCIBIRÁN:

a) Por asistencia a órganos colexiados as indemnizacións vixentes no orzamento municipal.

b) Indemnización, axudas de custo e gastos de representación de acordo coas bases que rexen no orzamento municipal.

3.- OS GRUPOS MUNICIPAIS percibirán para o desenvolvemento das súas actividades unha subvención de acordo co previsto nos orzamentos municipais.

4.- Os membros da Corporación terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as establecidas nas bases de execución do Orzamento.

5.- Aqueles membros corporativos que perciban retribucións en forma de dedicación exclusiva, e teñan acreditados trienios na función pública ou en réxime de dedicación exclusiva ao Concello de Santiago e o dereito a axuda familiar, se lles incorporará nos seus haberes mensuais.

6.- Os membros da Corporación que reunindo a condición de funcionarios públicos accedan á dedicación exclusiva no Concello, pasando por tanto á situación prevista pola lexislación vixente para este caso, poderán facelo coas retribucións correspondentes ao posto que deban deixar.

7.- Facúltase ao Alcalde para que designe aos concelleiros que desempeñarán os cargos en réxime de dedicación exclusiva, dando conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre, despois da designación e aceptación da mesma polos interesados.

En Santiago de Compostela, a 5 de xullo de 2011

O Alcalde